

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE SETEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e un de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de setembro de 2020 e da sesión extraordinaria e urxente do día 17 de setembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (todos os compoñentes da Xunta de Goberno, agás dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

A continuación, o señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 17 de setembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, presentes todos eles na dita sesión, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 16 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comarca da Coruña. (Diario Oficial de Galicia número 188-Bis, do 16 de setembro de 2020).
- Decreto 129/2020, do 17 de setembro, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 190, do 18 de setembro de 2020).

- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 190, do 18 de setembro de 2020).

- Orde do 17 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 190, do 18 de setembro de 2020).

- Corrección de erros da Resolución do 2 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Emprego, Comercio e Industria, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. Consta o Concello de Cambre como entidade beneficiaria. (Diario Oficial de Galicia número 192, do 22 de setembro de 2020).

- Anuncio da Dirección Xeral da Costa e o Mar, Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, sobre a publicación da aprobación definitiva do proxecto "Dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo", termos municipais A Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros (A Coruña). Referencia: 15-0736. (Boletín Oficial do Estado número 272, do 22 de setembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1290/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 1372/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1290/2020	11-09-2020	Solicitud de devolución de ingresos indebidos pola taxa por licenzas urbanísticas e ICIO, realizada por E.A.B.S.
1291/2020	11-09-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de setembro de 2020
1292/2020	11-09-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Actuación de seguridade viaria mediante construción de rotonda en camiño 183 de Cela", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 14.773,25 euros, así como o seu pagamento.
1293/2020	11-09-2020	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 7.056,77 €
1294/2020	11-09-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 64.017,03 euros
1295/2020	11-09-2020	Denegación axuda emerxencia social alimentación M.P.V.D.
1296/2020	11-09-2020	Denegación axuda recibo auga a F.C.S. por superarse o importe máximo anual por unidade familiar para recibos de auga
1297/2020	11-09-2020	Denegación axuda de aluguer a M.E.S.A. por existir outro titular no contrato de aluguer



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1298/2020	11-09-2020	Axuda emerxencia social alimentos G.L.R.M.
1299/2020	11-09-2020	Desistencia axuda aluguer K.M.L.
1300/2020	11-09-2020	Desistencia axuda aluguer de L.F.D.
1301/2020	11-09-2020	Denegación axuda auga a A.D.C.M. por superarse o importe máximo para recibos de auga anuais por unidade familiar
1302/2020	11-09-2020	Denegación axuda recibos luz a F.C.S. por superarse o límite anual por unidade familiar para recibos de luz
1303/2020	11-09-2020	Adxudicación a Culturactiva, S.C.G. para as actividades da Musicleta e Sue Moreno (12/09/2020)
1304/2020	11-09-2020	Aprobación III Open Science Cambre 2020
1305/2020	11-09-2020	Comparecencia no procedemento abreviado 0000081/2020 de M.G.P. e A.F.F. contra o Concello pola provisión de posto de traballo de coordinador deportivo
1306/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de R L R, Expediente nº 3586/2018
1307/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de K M S O, Expediente nº 3591/2018
1308/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de I C Ch, Expediente nº 3597/2018
1309/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de A A G G, Expediente nº 3614/2018
1310/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M G T, Expediente nº 3619/2018
1311/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de P A M, Expediente nº 3627/2018
1312/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de J A de Q, Expediente nº 3632/2018
1313/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de C T Y, Expediente nº 3635/2018
1314/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de J F B, Expediente nº 3656/2018
1315/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de E B R, Expediente nº 3663/2018
1316/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de V B da P A, Expediente nº 3664/2018
1317/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M A F R, Expediente nº 3669/2018
1318/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor A D A S, Expediente nº 3592/2018
1319/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da menor C M L T, Expediente nº 3620/2018
1320/2020	14-09-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 17 de setembro de 2020
1321/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Habitantes de G M M O, Expediente nº 3638/2018
1322/2020	14-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de A F M, Expediente nº 3639/2018
1323/2020	14-09-2020	Denegación axuda aluguer a M.P.V.D. por superar o límite de ingresos
1324/2020	14-09-2020	Adxudicación a Fredi Muíño para actividade (REDE CULTURAL)
1325/2020	14-09-2020	Adxudicación a Urdime S. Coop. Galega / Concerto A fraga do meu avó - Mama Cabra
1326/2020	14-09-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Mellora camiños acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos-Anceis. Cambre", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 28.115,17 euros, así como o seu pagamento
1327/2020	14-09-2020	Adxudicación a Pablo Giménez Fandiño (Átomos) / LER CONTA MOITO
1328/2020	14-09-2020	Recollida, carga, transporte e xestión de residuos (céspede, area e caucho) campo de fútbol Dani Mallo
1329/2020	15-09-2020	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: A.J.S.
1330/2020	15-09-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto de 2020 e o seu pagamento.
1331/2020	15-09-2020	Arquivo actuacións por pago de 348,98 euros, IVE incluído, reclamación 12/2019 danos ocasionados polo choque dun vehículo co bolardo situado na rúa Álvaro Cunqueiro do Temple, o día 19 de setembro de 2019
1332/2020	15-09-2020	Expediente sancionador por colocación de valo publicitario sen licenza en finca sita en Cruceiro, s/n, Cambre. Propiedade: E.G., S.A.
1333/2020	15-09-2020	Adxudicación a Raquel García Rodríguez (Raquel Queizás) / LER CONTA MOITO
1334/2020	15-09-2020	Expediente de xeración de crédito número 6/2020. Subvención destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ano 2020.
1335/2020	15-09-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 64.627,60 euros
1336/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M B R P, Expediente nº 3670/2018
1337/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de H J C F, Expediente nº 3674/2018
1338/2020	16-09-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 8/2020. Xuros de mora.
1339/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de Y A M V, Expediente nº 3675/2018
1340/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de V M, Expediente nº 3676/2018
1341/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de V A S, Expediente nº 3680/2018
1342/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de J M R A, Expediente nº 3685/2018



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1343/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M del P C B, Expediente nº 3688/2018
1344/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de C A B I, Expediente nº 3692/2018
1345/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M B da S F, Expediente nº 3694/2018
1346/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de C R S, Expediente nº 3710/2018
1347/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de A W S N, Expediente nº 3714/2018
1348/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de A G B, Expediente nº 3722/2018
1349/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes da menor V C da S, Expediente nº 3683/2018
1350/2020	16-09-2020	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor M S R, Expediente nº 3713/2018
1351/2020	16-09-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 17 de setembro de 2020
1352/2020	16-09-2020	Arquivo actuación por pago de 1.337,45 euros na reclamación de danos 15/2019, por danos en farol de iluminación pública á altura da igrexa de Cambre, o día 11 de novembro de 2019
1353/2020	16-09-2020	Arquivo actuación polo pago de 1747,95 euros na reclamación de danos por farol na rúa Daimler, fronte ao número 36-Cecebre.
1354/2020	16-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Amil, Cambre, por figueira que invade camiño. Propiedade: Herdeiros de B.G.G.
1355/2020	16-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Outeiro, Cela. Propietario: A.F., S.A.
1356/2020	16-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por árbores caídas sobre Finca "El Cenador" sita en Sixto, Cambre. Propiedade: I. G., S.A.
1357/2020	16-09-2020	Tramitación de decretos - 99500000020454 Acordo inicio expedientes multas de tráfico
1358/2020	16-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado da vexetación en parcela sita fronte ao lavadoiro de lugar de Fontaiña, Bribes. Propiedade: X, S.L.
1359/2020	16-09-2020	Tramitación de Decretos - 99500000020507 Resolución sancionadora multas de tráfico
1360/2020	16-09-2020	Adxudicación do servizo streaming OSC 2020
1361/2020	16-09-2020	Tramitación de decretos - 99500000020531 Acordo inicio expedientes multas de tráfico
1362/2020	16-09-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Lugar de Meixigo, Cambre. Propiedade: A.M.C.D.
1363/2020	16-09-2020	Tramitación de decretos - 99500000020661 Acordo inicio expedientes multas – Non identificación condutor



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1364/2020	16-09-2020	Tramitación de decretos - 9950000020667 Acordo inicio expedientes multas de tráfico
1365/2020	16-09-2020	Solicitud de número de policía
1366/2020	16-09-2020	Concesión tarxeta estacionamento persoas con discapacidade a J.R.R.
1367/2020	17-09-2020	Estimación parcial da reclamación patrimonial presentada por M.C.P.S., polos danos e prexuízos causados en accidente laboral
1368/2020	17-09-2020	Resolución nomeamento de auxiliar administrativo para substitución transitoria da titular en Rexistro
1369/2020	17-09-2020	Alegacións a expediente de reposición da legalidade de invernadoiro e outros, no lugar de San Marcos, Anceis. Propiedade: M.B.G.
1370/2020	17-09-2020	Adxudicación a Juan Alfonso Curiel Ares (Xoán Curiel) / LER CONTA MOITO
1371/2020	17-09-2020	Adxudicación de compra de libros para a mellora das coleccións / Biblioteca
1372/2020	17-09-2020	Adxudicación reparación de elementos en varios parques biosaudables do Concello de Cambre

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000028, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de asesoramento en materia do ciclo integral da auga
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000010, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á produción do evento cromático "MURAL FEST" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre, dentro do seu programa "MoceArte", a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga ao 2022
- Adxudicación do contrato menor para a execución do "Plan de formación para o fomento da dixitalización empresarial", á entidade IMPLICATUM Consultoría S.L, no prezo ofertado de 9.385,00 € IVE exento. Expediente núm. 2020/C002/000091
- Proposta de prórroga do "Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros". Expediente núm. 2017/C004/000004

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000028, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de asesoramento en materia do ciclo integral da auga

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data de 22 de xullo de 2020 emitíuse providencia polo señor alcalde solicitando “que se dea traslado ao departamento de Contratación desta providencia para que de maneira urxente e inmediata proceda a elaborar e/ou no seu caso solicitar os documentos necesarios para licitar este contrato de asesoría técnica, tendo carácter prioritario pola necesidade de regularizar esta situación no menor tempo posible”.

Coa mesma data, o interventor municipal asinou o prego de prescricións técnicas que deben rexer o contrato de servizo en materia de asesoramento en materia do ciclo integral da auga por procedemento aberto simplificado mediante pluralidade de criterios no Concello de Cambre.

Con data de 17 de agosto de 2020 asinou polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, xustificación da división en lotes e elección do procedemento para a contratación do citado servizo, así como o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia, condicións de execución e penalidades administrativas da contratación do servizo de asistencia técnica que ten por obxecto os servizos de asesoramento en materia do ciclo integral da auga por procedemento aberto simplificado mediante pluralidade de criterios no Concello de Cambre.

Consta emitido documento de retención de crédito pola Intervención municipal respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 161.22706.

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159 e seguintes da LCSP.

Nos informes técnicos constan os criterios de adxudicación aplicables, diferenciándose entre criterios avaliábeis mediante xuízo de valor (aos que, en cumprimento do establecido no artigo 159 LCSP se lles aplica unha porcentaxe do 45 % por se tratar de servizos intelectuais), e criterios valorábeis de forma automática, (cunha porcentaxe do 55 %).

Así mesmo, consta na memoria o orzamento base de licitación do contrato, así como o valor estimado :

“Para este servizo, tal e como se estipulou no Prego de Prescricións Técnicas Particulares elaborado polo interventor municipal, é necesario e suficiente un importe total de 103.418,24 €, IVE/IVE incluído, para un prazo de execución de 3 anos máis unha posible prórroga, sendo o valor estimado da licitación de 94.016,58 € tal e como se desagrega na táboa adxunta:

ANOS	Importe con IVE	Importe sen IVE
Primeiro ano	30.495,12 €	25.202,58 €
Segundo ano	30.495,12 €	25.202,58 €
Terceiro ano	21.214,00 €	17.532,23 €
Prórroga	21.214,00 €	17.532,23 €
Total	103.418,24 €	85.469,62 €
Posibles modificacións 10 %		8.546,96 €
Valor estimado		94.016,58 €

Nos prezos que se oferten, considéranse incluídos todos os gastos que ocasionen os traballos, seguros, trámites con outras administracións, gastos xerais e beneficio industrial, non se prevén aumentos de medición, prorrogas nin incrementos de contrato.

O contrato terá unha duración plurianual, durante os anos 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024”.

Consta a providencia desta Concellería, de data 18 de setembro de 2020, de inicio do expediente de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 19 de setembro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se persegue dar cumprimento ás competencias municipais en materia de abastecemento domiciliario de auga potable e rede de sumidoiros, que constitúe un servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios, ao abeiro do establecido no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ante a insuficiencia dos medios persoais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo estas tarefas tan específicas, dada a dimensión da actividade e a complexidade da organización, segundo a memoria emitida polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, co que queda debidamente xustificada a necesidade de contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación número 2020/C004/000028, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de asesoramento en materia do ciclo integral da auga, e cun valor estimado total de 94.016,58 euros e un orzamento base de licitación de 103.418,24 euros, IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 161.22706, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë e, como suplente, o arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito

Secretaría: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000010, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á produción do evento cromático "MURAL FEST" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre, dentro do seu programa "MoceArte", a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga ao 2022

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 17 de setembro de 2020, elaborouse polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento, para a contratación da Producción do evento cromático "MURAL FEST" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre, dentro do seu programa "MoceArte", a realizar nos anos 2020 e 2021, con opción de prórroga ao 2022.

Nesa mesma data do 17 de setembro 2020, asínase polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal e máis do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, réxime de penalidades e sancións, e condicións especiais de execución do contrato .

Con data do 17 de setembro de 2020, asínase polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas para a contratación da Producción do evento cromático "MURAL FEST" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre, dentro do seu programa "MoceArte", a realizar nos anos 2020 e 2021, con opción de prórroga ao 2022, cun valor estimado de 88.166,82 euros e un orzamento base de licitación de 64.655,68 euros, IVA incluído .

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data do 16/09/2020, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 337.22610.

Consta a providencia do sr. alcalde, de data 18 de setembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría accidental e máis do interventor municipais, de data 21 de setembro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, (art. 25.2 apartados m) e l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e art. 34 da Lei 6/2012 do 91 de xuño, de xuventude de Galicia, e ante a insuficiencia dos medios persoais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo estas actividades tan específicas, tendo en conta que desde a Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Cambre, organízanse distintos programas entre os que se atopa “MoceArte”, pensado para crear un espazo artístico para os xóvenes, e procurar a rexeneración urbana que tamén forma parte del, ao ser consecuencia directa da arte sobre o medio, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000010, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á Producción do evento cromático “MURAL FEST” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre, dentro do seu programa “MoceArte”, a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga ao 2022, cun valor estimado de 88.166,82 euros e un orzamento base de licitación de 64.655,68 euros, IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador de actividades culturais e educativas don José Luis Martínez Názara, e como suplente o coordinador deportivo municipal don José Amando Pena Vila

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Adjudicación do contrato menor para a execución do "Plan de formación para o fomento da dixitalización empresarial", á entidade IMPLICATUM Consultoría S.L , no prezo ofertado de 9.385,00 € IVE exento. Expediente núm. 2020/C002/000091

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 01/07/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de contratar o servizo cuxo obxecto consiste na execución dun Plan de formación para o fomento da dixitalización empresarial, e cuxo contido ven dado principalmente a raíz da situación de crise sanitaria acontecida co conseguinte Estado de Alarma. Esta situación mantivo a todas as empresas que non utilizan as novas tecnoloxías afastadas da súa actividade, pola contra, as empresas que xa utilizaban medios tecnolóxicos tiveron unha importante vantaxe competitiva, tanto a nivel de poder continuar a súa actividade na modalidade de teletraballo, con medios electrónicos, con sinatura dixital, etc, como a nivel de comercialización a través de canles alternativos (venta por internet, redes sociais, grupos de whatsapp, etc..). A supervivencia das empresas, e por ende dos empregos

existentes no municipio pasan pola actualización e dixitalización das empresas, tendencia que cobra máis relevancia cara ao futuro, ademais da obriga de relacionarse electronicamente coa administración.

Achégase ao informe-proposta a memoria valorada do servizo, elaborada pola axente de desenvolvemento local dona Sonia Machín Herranz, cun orzamento de 11.880,00€ (exento de IVE).

Coa citada contratación dáse cumprimento ás competencias municipais en materia de promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, contempladas no artigo 25.2.ñ) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para a execución dos traballos obxecto da contratación, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a súa realización.

Con data 04/08/2020 emítase informe pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241.22606 (conferencias e cursos fomento de emprego)

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 09/09/2020 emítase informe pola técnica axente de desenvolvemento local no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- IMPLICATUM Consultoría S.L.
- FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (IESIDE)
- HUB DIGITAL S.L.

e que presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta IVE Exento	Total Oferta
IMPLICATUM Consultoría S.L	9.385,00 €	9.385,00 €

formulando proposta de adxudicación da execución do "Plan de formación para o fomento da dixitalización empresarial", á entidade IMPLICATUM Consultoría S.L con NIF B7040.... e domicilio na Avda. Pedro Barrié de la Maza, 35. 7º. 15004, A Coruña, no prezo ofertado de 9.385,00 € IVE exento, por ser a única licitadora que formulou oferta e cumprir con tódolos requisitos establecidos na Memoria valorada elaborada para a prestación do servizo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera

empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 17 de setembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 271/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 18 de setembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións, contempladas no artigo 25.2.ñ) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a Memoria valorada elaborada con data do 1 de xullo de 2020 pola axente de desenvolvemento local, para a contratación da prestación do servizo consistente na execución dun Plan de formación para o fomento da dixitalización empresarial, cun orzamento de 11.880,00€ (exento de IVE), así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 22606.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000091, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a execución do “Plan de formación para o fomento da dixitalización empresarial”, á entidade IMPLICATUM Consultoría S.L con NIF B7040.... e domicilio na Avda. Pedro Barrié de la Maza, 35. 7º. 15004, A Coruña, no prezo ofertado de 9.385,00 € IVE exento, por ser a única licitadora que formulou oferta e cumprir con tódolos requisitos establecidos na Memoria valorada elaborada para a prestación do servizo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á Axente de Desenvolvemento Local dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á Axente de Desenvolvemento Local, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá

recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de prórroga do "Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros". Expediente núm. 2017/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de setembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2017/C004/000004, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezaseis de outubro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)" o "Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros", asinándose o correspondente contrato o día 20 de novembro de 2018.

Visto que, consonte a cláusula III do citado contrato, este ten un prazo previsto de execución de dous anos, contados desde o día seguinte á sinatura en documento administrativo, podendo ser obxecto de prórrogas anuais ata dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado a petición do contratista con catro meses de antelación á finalización do contrato principal ou da súa prórroga, tal e como consta na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 4 do anexo I do cadro de características do contrato.

Visto o escrito presentado por don Juan Andrés López Fouz, en representación da entidade "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)" con data do 19 de xuño de 2020 e rexistro de entrada número 202099900001438, no que se solicita a primeira prórroga do contrato.

Visto o informe favorable emitido con data 21 de setembro de 2020 polo enxeñeiro técnico industrial municipal, no que consta que o adxudicatario estivo realizando o servizo a satisfacción do Concello, polo que non existe ningún impedimento para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Ao abeiro do establecido na cláusula III do contrato, na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 4 do anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 303.1 do RD Lexislativo 3/2011 que aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se traspoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano máis, ata o 21 de novembro de 2021, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)", con CIF B150**** e domicilio na rúa Ermita nº 34 Pol. A Grela - 15008 A Coruña, para a prestación do "Servizo consistente na conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Nadal e outros" (Expediente 2017/C004/000004).

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Servizos e Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica María Otero López